

PROCEDIMENTO PARA A SELECCIÓN DAS AULAS DE INNOVACIÓN SOCIAL DIXITAL DO PROXECTO CEMIT-INNOVA 2017

A terceira edición do proxecto *CeMIT-Innova* para o fomento da Innovación Social Dixital en Galicia, posto en marcha pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia –Amtega–, contempla a selección de ata **10 novos proxectos**, a deseñar e implantar desde as aulas da rede CeMIT, identificadas como **aulas de innovación social dixital**, de acordo ao seguinte procedemento:

1. En primeiro lugar, para optar á consideración de aula CeMIT-Innova 2017, é **necesario a participación da aula**, a través do seu responsable (dinamizador/a e/ou responsable municipal da aula) na **formación específica**, sobre [Metodoloxías participativas aplicadas ao deseño de proxectos piloto de Innovación Social Dixital](#) organizada desde CeMIT-Innova o próximo día 24 de marzo de 2017.
2. En segundo lugar, tras a celebración da formación específica abrírase o **prazo** de presentación de solicitudes de participación, que permanecerá aberto do **24 ao 31 de marzo de 2017**.
3. Os proxectos de innovación social dixital teñen que ter como obxectivos:
 - a. Dar a coñecer á cidadanía da contorna local da aula CeMIT o que é a innovación social dixital e participativa, a través do **deseño dun proxecto** de innovación social dixital, co obxecto de difundir e ensinar novas técnicas que permitan ás persoas participar, involucrarse e aprender novas formas de pensar e de facer.
 - b. **Implantar o proxecto deseñado** de innovación social dixital na contorna local da aula Cemit, poñendo en colaboración a persoas innovadoras, persoas usuarias da aula e comunidades, utilizando as tecnoloxías dixitais para crear coñecemento e solucións a un reto ou necesidade social concreta.
 - c. En resumo, **capacitar á sociedade** para que poida xerar novos modelos de colaboración e novas relacións sociais, cun enfoque desde a base da comunidade para resolver retos sociais da contorna e aumentando a cohesión social.
4. As aulas interesadas deberán presentar unha **solicitud de participación no proxecto CeMIT-Innova 2017 a través dun formulario web** [\(accede ao formulario\)](#) na que se recolla:
 - a. Anexo de solicitude de participación no proxecto CeMIT-Innova 2017 para o fomento da innovación social dixital asinada polo representante legal da Administración Local. Este documento achegarase en formato PDF con sinatura electrónica ou manuscrita.

- b. Descrición do proxecto de innovación social dixital a desenvolver, identificando o **desafío social** definido como foco do proxecto.
 - c. A relación deste desafío social con algunha das liñas estratéxicas e/ou desafíos marcados pola **Axenda Dixital de Galicia 2020**
 - d. A relación de entidades que participarán como **aliadas** do proxecto
 - e. **Os colectivos destinatarios** do proxecto na súa contorna local.
5. Amtega levará a cabo a revisión das solicitudes presentadas, comprobando que se cumpren todos os requisitos dos apartados 1, 2, 3 e 4 do presente procedemento, pasando a avaliar ditos proxectos segundo os seguintes criterios en orde de valoración:
- a. Desafío social ao que se pretende dar resposta
 - b. Esquema de participación social na definición e execución do proxecto
 - c. Uso da tecnoloxía e internet
 - d. Número de posibles colaboracións a xerar no marco do proxecto
 - e. Número de persoas usuarias da aula CeMIT que se poidan implicar no proxecto
 - f. Nivel de actividade da aula CeMIT a partir dos datos declarados a 31 de decembro de 2016
6. Á lista provisional de valoración aplicaranse os seguintes criterios correctores xeográficos e sociais, a fin de obter a lista definitiva de aulas CeMIT-Innova 2017:
- procurárase a representación de polo menos un aula por cada unha das catro provincias galegas;
 - entre as aulas seleccionadas procurárase que concorran polo menos:
 - 1 aula dun núcleo de poboación maior a 20.000 habitantes
 - 1 aula dun núcleo de poboación menor a 5.000 habitantes
 - 1 aula de contorna rural
 - 1 aula de contorna costeira
7. A lista definitiva de aulas CeMIT-Innova 2017 comunicárase ás aulas solicitantes.
8. No caso de que a lista definitiva non acade o número máximo de 10 proxectos, a Amtega poderá excepcionalmente, atendendo ao especial interese dalgún proxecto de innovación social dixital, incluír unha aula CeMIT susceptible de ser dinamizada por un aliado dixital do Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020, ou un proxecto pertencente a un aliado dixital no programa CeMIT-Innova 2017. Así mesmo, poderase incluír unha aula CeMIT aínda que a solicitude sexa presentada con posterioridade ao 31 de marzo de 2017.